

Mostra das Vio- lencias Invisi- bles



**MA
CHIS**
MOS SEN
MIOPIÁS

Decembro, 2019

Catálogo realizado no marco do programa
«Machismos sen Miopías» da Deputación
da Coruña.

Edita

Deputación da Coruña

Coordina

Rexenerando, S. Coop. Galega

Deseño gráfico

nadinagrafica.com

Fotografía

Charo Lopes

Introducción

Esta publicación é o catálogo da Mostra das Violencias Invisibles. Evento que tivo lugar no marco do programa «Machismos sen Miopías», promovido pola Deputación da Coruña, co obxectivo de visibilizar formas de violencias machistas que habitualmente fican ocultas.

Nel tiveron lugar un conxunto de obradoiros, estruturados en torno a diferentes temáticas, nos que se combinou un formato de exposición teórica con técnicas de innovación social, facendo ás persoas participantes parte central da construción do coñecemento.

Os obradoiros tiveron lugar en dez concellos da provincia: Noia, Rianxo, Padrón, Sada, Fene, As Pontes, Betanzos, Ordes, Boiro, Teo. Lugares onde ficaron as Mostras das Violencias Invisibles das que se dá conta neste catálogo.

As temáticas de cada obradoiro foron:

Consumindo violencia machista, onde se abordou a relación entre consumo e violencias contra as mulleres.

Pornografía: educando en violencias machistas, onde se achegou un ollar crítico ao modelo relacional que transmite a pornografía convencional e como reforza a cultura da violación.

Visibilizando as devanceiras, onde se cuestiona o relato oficial da historia que oculta as mulleres.

As violencias machistas: unha lingua excluín-te, onde reflexionamos sobre o papel do patriarcado á hora de configurar quen fala, como fala, onde fala e que lingua fala.

A saúde: unha cuestión de xénero, onde nos achegamos aos sesgos de xénero das ciencias médicas, transmitindo algunhas das ideas chave da ciencia da diferenza.

Mostra das violencias invisibles

Convidouse as persoas participantes do obradoiro, así como o público xeral, a traeren un obxecto que para elas representase algunha forma de violencia machista. Este obxecto presentouse e exhibiuse nun espazo habilitado emulando unha sala dun museo. Os obxectivos desta Mostra eran:

Dotar dun espazo seguro para que cada persoa fose quen de compartir coa comunidade a experiencia dunha opresión ou agresión machista.

Axudar a identificar formas de violencias machistas máis invisibles.

Sensibilizar sobre a necesidade de erradicalas.

As persoas foron compartindo os obxectos que acompañaron dunha cartela coa seguinte información: título, materiais e descrición. Neste catálogo achegamos unha escolma deses obxectos.

Contexto

En 2019 o patriarcado, a estrutura social de opresión que coloca ao home, branco, heterosexual e enriquecido na cúspide da xerarquía de poder, continúa moi vivo. Isto é así polas diferentes formas de violencia que o sustentan desde hai séculos.

O patriarcado foi mudando desde o seu nacemento até hoxe, tamén foron mudando as formas de resistencia. Infinitade de mulleres anónimas teceron redes de apoio mutuo para facer fronte a toda a violencia que as oprimía. Ademais, estas resistencias forxáronse nun movemento político no S. XVIII coa Revolución Francesa.

Os feminismos

Constitúe un movemento social, político e cultural que procura a liberación das mulleres e a conquista dos seus dereitos, tamén cuestiona o sistema de dominación patriarcal e propugna a igualdade radical de todos os seres humanos.

A primeira onda do feminismo nace coa Revolución Francesa e prolóngase até mediados do S.XIX.

A súa principal expoñente é Mary Wollstonecraft co seu *Vindicacións dos dereitos da muller* (1792).

A segunda onda do feminismo abrangue de mediados do S. XIX até mediados do S. XX. Estivo moi vinculado ao sufraxismo e ao feminismo británico e estadounidense. Significou un fito a declaración da *Convención*

de *Seneca Falls*, cando unhas cen mulleres asinaron un documento reclamando independencia nas decisións dos seus pais e maridos. Unha das máximas expoñentes do sufraxismo británico é Emmelie Pankhurst.

A terceira onda do feminismo comeza a mediados do S. XX e esténdese até a actualidade. Foi fundamental a publicación de *O segundo sexo* de Simone de Beauvoir (1949) e *A mística da femineidade* de Betty Friedan (1963). Nesta onda incorpóranse máis temas, alén dos xurídicos e civís, como a sexualidade, a reprodución, o traballo fóra da casa, a diversidade ou a sororidade.

Nesta onda tamén se pon de manifesto a heteroxeneidade do movemento feminista, xorden con forza os feminismos negros, postcoloniais ou indixenistas. Feministas de todo o mundo discuten a categoría muller como un universal, construída polo feminismo branco, cunha visión eurocéntrica da realidade. Danlle centralidade á interseccionalidade, é dicir, as persoas non só estamos definidas polo xénero, tamén pola raza, clase social, etnicidade e orientación ou identidade sexual. Angela Davis (relación raza, clase e xénero), Obioma Nnaemeka (Nego-feminismo, a vía africana), ou Silvia Cusicanqui (descolonización e xénero) son representantes deste feminismo contrahegemónico.

Hai quen apunta que desde 2018 estamos perante unha cuarta onda do feminismo, colocándose novos temas nas axendas feministas, así como incrementando o apoio popular.

En toda a provincia da Coruña, como no resto de Galiza, todas estas correntes do feminismo estiveron vivas. Foron moitas as mulleres que se ergueron polos dereitos de todas ou que racharon os roles e estereotipos de xénero que as violentaban. Mulleres como María Miramontes, Sebastiana Vitales, Mercedes Romero Abella, María Vázquez Suárez, Amada García ou Bríxida Muñiz deixaron un legado que chega até o presente. Os seus nomes ecoan, as súas experiencias inspiran e, dalgunha maneira, elas (e tantas outras mulleres), estiveron presentes ao longo deste programa no que colectivamente fomos dando forma a esta obra coral que é a loita contra o patriarcado.



Violencias machistas

Desde os diferentes feminismos fica clara a importancia das palabras, non son neutras, crean realidades, deconstrúenas, humillan, nomean, invisibilizan, desposúen, empoderan, etc. Por iso, un dos campos de batalla do feminismo é o de nomear con propiedade. De aí que a violencia contra as mulleres tivese, e teña, diferentes denominacións.

Como marco para neste programa usamos dúas denominacións: violencia de xénero e violencias machistas. Sendo conscientes que se poderían utilizar outras nomenclaturas (violencias sexistas, feminicidio, etc), achamos que son as máis acaídas para este proceso. Entendendo como:

Violencia de xénero

É aquela forma de violencia que se exerce contra as mulleres polo feito de selo. Segundo o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, esta é perpetrada por persoas coas que a muller tivo ou ten unha relación afectiva. Tamén se inclúe a trata de mulleres e nenas coa finalidade de explotación sexual. Sabemos que desde 2003 (ano no que comezan os rexistros oficiais) até 2019 máis de 1.000 mulleres foron asasinadas no Estado español, mais se imos a outros rexistros (como o de feminicidio.net) as cifras son aínda maiores. Unhas cifras que trasladan a situación de emerxencia na que estamos.

Violencias machistas

É aquela forma de violencia que se exerce contra todas as persoas polo feito de vivirmos no heteropatriarcado. O patriarcado outorga privilexios aos homes polo feito de seren homes e resta dereitos ás mulleres polo feito de seren mulleres. A este sistema de dominación é preciso engadirlle os privilexios que teñen as persoas heterosexuais fronte as persoas que non o son. Os dous sistemas de opresión van unidos.

Unha das maiores dificultades para enfrontarmos as múltiples formas de violencia machista é a súa naturalización. Parecen formar parte dunha «orde natural das cousas», clasifican e dan sentido ao noso día a día. Están tan arraigadas nos nosos sistemas socioculturais que as reproducimos e transmitimos mesmo sen sermos conscientes. Os feitos aparentemente naturais adquiren unha forza inmensa e transformarlos é un gran desafío para toda a sociedade.

Este programa procura reducir as dioptrías de xénero e identificar aos *Machismos Sen Miopías*.

Reducindo as dioptrías

Afondouse na perspectiva de xénero en cinco temáticas centrais na vida das mulleres, levouse o microscopio para ver a diversidade de agresións que se ocultan en actos cotiás, naturalizados e aparentemente neutros.

A continuación resúmese o marco teórico que nos permite pór as lentes lilas cando imos facer a compra, cando imos ao centro de saúde, cando falamos e escoitamos, cando temos relacións sexuais e cando pensamos quen somos e de onde vimos.

Consumindo violencias machistas

O consumo é unha práctica social máis influída por normas e hábitos que por eleccións individuais que pensamos como racionais ou deliberadas. Desde os feminimos lánzase unha crítica ao consumismo como necesidade constante de aumentar a produción a niveis non sostibles, supeditando a sustentabilidade da vida ao proceso de acumulación.

Este consumo voraz fomenta a ilusión da independencia, o individualismo hedonista, o etnocentrismo e a homoxeneización cultural. Ao mesmo tempo, historicamente apartou todo o relacionado co coidado coas esferas máis invisibilizadas e feminizadas da economía.

Os consumos de xénero son aquelas prácticas de satisfacción de necesidades nas que foron socializadas

as persoas como parte dos roles tradicionais. Estes actos de consumo reproducen desigualdades de xénero en base a certos mecanimos como a división sexual do traballo, a cousificación dos corpos das mulleres e a reprodución de estereotipos de xénero.

Segundo as ideoloxías hexemónicas, ás mulleres identifícanse como as grandes consumidoras polo rol tradicional de seren as responsables do coidado da vida. Ademais foméntase o seu consumo nos ámbitos da estética, da alimentación, do coidado do fogar e do transporte. A muller ten dúas caras, unha como suxeito activo no consumo e a outra como obxecto de consumo. Tanto un papel como outro leva a reforzar a cousificación das mulleres. Isto é moi evidente na publicidade.

A pink tax é o imposto oculto no prezo dalgúns produtos que deben pagar as mulleres polo feito de que o produto presente unha estética diferente aos dirixidos ao público masculino. Tendo en conta que son as mulleres as que menos salarios gañan (fenda salarial), esta taxa reforza o empobrecemento das mulleres.



Pornografía: educando en violencias machistas

A sexualidade é un aspecto central do ser humano ao longo de toda a vida (desde o nacemento á morte). O feito sexual é máis amplo do que habitualmente se entende. Falamos de: identidades sexuais; expresións de xénero; orientacións sexuais; afectos; construción da intimidade, o pracer, a erótica, etc.

Definimos a problemática na intersección entre os intereses da industria da pornografía, a xeralización do acceso acrítico a internet da poboación infanto-xuvenil e as carencias na educación sexual por parte da comunidade educativa (fundamentalmente familias e escola).

A industria da pornografía xera un tipo de contido no que a cultura do consentimento está ausente, cousifica os corpos das mulleres, presenta un modelo único de corpos masculinos e femininos, etc. Por outro lado, reproduce un modelo único de relacións, baseadas no machismo, falocéntricas e centradas no coito, ofrecendo unha interpretación errónea e moi limitada das relacións sexuais.

O acceso xeralizado a internet desde idades moi temperás fai que contidos pornográficos estean accesibles antes de ter a maduración necesaria para comprendelos. Se engadimos que a educación sexual continúa atravesada polos tabús, medos, silencios e prexuízos, a consecuencia é que as respostas á curiosidade polos corpos, polos praceres e polo afectivo

desvíase á internet, colocando á pornografía como fonte de información principal no relacionado coa sexualidade: fácil, gratis, alta calidade de imaxe e ilimitada. Alén de que moitos dos contidos presentados son moi violentos.

Isto ten un gran impacto no desenvolvemento afectivo-sexual das persoas, nas relacións de parella, na autoimaxe, autovaloración e autoestima. As primeiras experiencias de mozos e mozas veñen condicionadas por este imaxinario xerado desde a pornografía.

Un imaxinario que xeraliza as relacións convertidas en mercadorías, centradas nun modelo de dominación masculina e descontextualizadas. E mantén unha estreita relación co desenvolvemento do que se coñece como a «cultura da violación» na que se trivializan os abusos sexuais, culpabilízanse ás vítimas, etc. Fronte a necesidade dunha educación no consentimento, nos coidados e na asunción de responsabilidades nas relacións interpersoais.

Visibilizando as devanceiras

Abonda con abrir un libro de texto de historia para poder reflexionar sobre a historia que nos contaron. Cantas das figuras que se nomean nel son homes? Cantas son occidentais? Quen falta neste relato?

Desde os anos 70 diversas correntes da historiografía foron cuestionando ese relato oficial, preguntándose por que non hai obreiras nos nosos libros de historia

ou persoas negras ou pobres ou doentes ou trans. Por que non hai mulleres, se son a metade da poboación mundial? Nesta cuestión incidiu especialmente o movemento coñecido como «Herstory» (literalmente, «o relato dela»), que fai unha revisión da Historia en chave feminista.

As causas desta invisibilización cómpre procuralas no androcentrismo. As características, experiencias ou logros tradicionalmente asociados ao «masculino» posúen máis valor e recoñecemento na nosa sociedade, binaria e desigual. Unha sociedade que outorga privilexios aos «bbva» (branco, burgués, varón e autónomo) fronte o resto das persoas, facilitando que os homes e os logros a eles asociados ocupen máis espazo no físico (ver o «manspreading»), nunha conversa ou no relato que temos do noso propio pasado.

É importante identificarmos que mecanismos de opresión empregou o heteropatriarcado ao longo da historia para invisibilizar as mulleres, porque son os mesmos que cómpre desactivar no presente para construírmos sociedades máis xustas. Dentro destes mecanismos, atopamos figuras femininas ocultas baixo anónimos ou pseudónimos; na sombra dos seus compañeiros ou fillos; marxinadas nas súas contornas profesionais; ou destacadas no seu tempo, mais marxinadas no relato histórico. Son moitos os nomes de mulleres que podemos atopar en calquera territorio que sufriran cada un destes tipos de opresión.

O resultado é a invisibilidade. As consecuencias desta desmemoria, unha ausencia total de referentes femininos

para as nosas vidas e unha forte inxustiza con todas aquelas mulleres que puxeron o seu corpo (en ocasións literalmente) polo avance social. A dor que produce este silencio é transmitida de xeración en xeración, como unha pesada lousa que limita as nosas vidas.

O Proxecto de Monitoreo Global de Medios (GMMP), que aborda o tema de xénero nos medios de comunicación, concluíu no seu informe do 2015 que o 91% das persoas entrevistadas en calidade de expertas son homes. Así é que o pasado e o presente non son dous caixóns inconexos: as causas e os mecanismos desta invisibilización continúan a operar na nosa sociedade, mantendo as mulleres e os seus logros nas marxes do relato oficial. É preciso transformar esta realidade no presente, para que as xeracións seguintes si conten con referentes diversos e poidan construír un futuro máis libre.

Violencias machistas: unha lingua excluínte

As persoas estamos intimamente ligadas coa lingua que falamos. Estamos a construír as realidades cada vez que a nomeamos. As palabras son froito do que pensamos e o que pensamos é grazas ás palabras. É tan estreita esta relación que non se pode identificar onde remata unha e comeza outra. Desde Robin Lakoff, que inaugura os estudos que relaciona a linguaxe co xénero

nos anos setenta até hoxe hai innumerables estudos sobre o tema. Estructuramos a cuestión arredor de catro preguntas: Quen fala? Onde fala? Como fala? Que fala?

Quen fala?

As persoas viven atravesadas por estruturas de poder superpostas que se dan de maneira simultánea (interseccionalidade): o xénero, clase social, raza, nacionalidade, etc. vai condicionar o noso lugar no mundo, mais tamén o noso lugar nas relacións cos grupos, relacións persoais e mesmo as relacións cunha mesma. Estas estruturas de poder lúmitan o noso acceso a linguas e linguaxes. Alén de que canto máis capas de opresións atravesan a unha mesma persoa, mais difícil é que a escoiten, que teña voz, que poida incidir no seu propio relato. E canto máis na cúspide da xerarquía está unha persoa (máis se achega a ese bbva), máis probabilidades hai de que fale e que as súas palabras teñan peso. As palabras deste varón branco teñen moitas e moi diversas persoas interlocutoras, así como diferentes altofalantes. Están sobrerrepresentadas en todas as esferas sociais.

Onde fala?

O rango non é estático, as persoas gozan de diferentes lexitimidades para falar e incidir nos discursos en función do espazo no que está e da configuración social que alí se dea. Segundo os roles tradicionais de xénero, as mulleres teñen máis lexitimidade para falar en ámbitos

privados e os homes en ámbitos públicos. As mulleres teñen máis lexitimidade para falar de sentimentos e os homes dos intelectos. Unha das barreiras invisibles que teñen as mulleres para estar presentes en lugares estratéxicos de poder é a lexitimidade para falar neles, mais tamén a lexitimidade para levar outros códigos a eses espazos.

Como fala?

Os estudos sobre os sexolectos masculino e feminino ofreceron moitas pistas sobre determinados fenómenos sociais relacionados co poder e a linguaxe. Hoxe os feminismos achéganse a estes temas cuestionando a existencia de sexolectos como unha experiencia universal. Porén, o que ficou de manifesto nos estudos sobre as diferentes maneiras de expresarse homes e mulleres é que como falan as persoas ten moito que ver co poder social que ostenta nun determinado contexto. Hai rexistros e tons de voz adecuados e inadecuados socialmente. É algo tan naturalizado que facemos mudanzas de maneira moi inconsciente.

Que fala?

No contexto galego, de conflito lingüístico, non podemos obviar a influencia das diferentes estruturas de opresións sobre a lingua que falamos. O que deixaron patentes os diferentes estudos de xénero é que as persoas non somos libres para escoller os hábitos sociais, senón que hai unhas estruturas de opresión que operan e atravesan ás

persoas tan fundamentalmente que limitan as súas vidas. As persoas non teñen tampouco a liberdade de escolleren a lingua que falan. O feito de falar unha ou outra lingua está condicionada por estruturas de poder. Neste sentido, hai contextos que dificultan o uso dunha lingua minorizada (por exemplo, unha entrevista laboral) e por iso as mulleres teñen máis dificultades para transmitir a lingua minorizada, pois a súa posición social é de maior vulnerabilidade. É importante achegar o ollar da interseccionalidade e da sociolingüística feminista para entender mellor os fenómenos lingüísticos da Galiza actual.

A saúde: unha cuestión de xénero

Como ningunha ciencia é neutra, a biomédica tampouco o é. As mulleres sofren unha peor atención á súa saúde froito do androcentrismo que adocece a medicina.

Partindo dunha perspectiva bio-psicosocial da saúde que ten en conta os factores biolóxicos e endocrinolóxicos, así como as demandas externas (dobre xornada, rol de cuidadoras, vítimas de violencias), a nosa personalidade, crenzas e actitudes; factores atenuantes (como o apoio social, a corresponsabilidade ou políticas públicas favorecedoras) e o factor medioambiental que ten moito impacto na saúde, especialmente na das mulleres. Estes catro factores condicionan as doenzas que as persoas sofren.

O principal sesgo na medicina actual é a invisibilidade das mulleres, gran parte desa invisibilidade é producida polos estereotipos de xénero das persoas que facían e fan ciencia. Achegámonos da man de Carme Valls Llobet a estes estereotipos:

Supor que riscos de homes e mulleres son iguais, cando non o son:

Hai unha morbilidade diferencial de xénero, é dicir, patoloxías, factores de risco e motivos de consulta que merecen unha atención diferenciada para as mulleres. Ben por diferenzas biolóxicas (como o ciclo menstrual ou o predominio de doenzas autoinmunes), sociais, psicolóxicas, culturais ou medioambientais (os tóxicos ambientais teñen un maior impacto nas mulleres).

Supor que riscos de mulleres e homes son diferentes, cando non o son:

O caso paradigmático disto é o infarto agudo de miocardio. Até os anos 90 as mulleres estiveron excluídas dos estudos sobre o infarto. É o paradigma da invisibilidade porque as mulleres teñen maior probabilidade de morrer dun infarto que os homes. A sintomatoloxía é diferente o que (aínda hoxe) provoca que a atención sexa peor (con maior retraso) e, por tanto, as consecuencias dun infarto son peores para elas. Alén de que hai factores de risco que non se valoran o suficiente como o hipotiroidismo.

Invisibilizar queixas e síntomas:

Perante os mesmos síntomas en atención primaria a un home pídesenlle probas, a unha muller recétanse psicofármacos. Actualmente o 85% das persoas que toman psicofármacos son mulleres. Isto é especialmente grave en Galiza, pois somos o país do mundo onde máis psicofármacos se receitan e consomen. Ademais que as doses dos fármacos son demasiado elevadas para as mulleres (están calculadas para os homes) polo que os seus efectos nocivos son peores para elas.

Minimizar e maximizar patoloxías:

A minimización de patoloxías con predominio feminino é unha constante, un bo exemplo disto son as anemias ou o hipotiroidismo. Por outra banda, a patoloxización de determinadas etapas da vida das mulleres, moitas delas relacionadas coa sexualidade, é unha constante. Como exemplos paradigmáticos podemos falar do parto (da violencia obstétrica), da menopausia e todo o relacionado co ciclo menstrual que pasa a unha excesiva medicalización (como o caso da terapia hormonal substitutiva) ou a transexualidade que se patoloxiza a través da disforia de xénero.

Reduccionismo das etioloxías:

É preciso pararse na fibromialxia. Unha patoloxía con predominio feminino (cun ratio de 50 a 1) e que a súa abordaxe desde a ciencia médica é insuficiente.

Por unha banda, non existen tratamentos eficaces. Por outra banda, unha vez que se chega ao diagnóstico (nun período medio de dous anos de periplo médico), non se investiga o suficiente noutras posibles causas das dores musculares. Cando poden coincidir dúas ou tres patoloxías que provocan a dor e que si teñen tratamento. Falta unha abordaxe ampla e que repare en todos os aspectos da vida da muller.

Escolla dos obxectos de estudo desde as diversas disciplinas científicas:

Un bo exemplo diso é a neurociencia que pasou décadas alimentando o «mito das dúas culturas», é dicir, que homes e mulleres posúen cerebros diferentes. Recentes estudos veñen a desmentir este mito, de todos eles salientamos un estudo liderado por Daphna Joel da Universidade de Tel Aviv que pon en cuestión todas as supostas evidencias sobre as diferenzas entre os cerebros masculinos e femininos: «sen que importe cal é a causa das diferenzas sexo/xénero cerebrais e condutuais (natureza ou cultura), os cerebros humanos non se poden categorizar en cerebro masculino e cerebro feminino» e insta a «reempazar a práctica dominante de buscar as diferenzas de sexo/xénero por métodos que teñan en conta a gran variabilidade do cerebro humano».

Obxectos

Esta é unha escolma de obxectos que estiveron presentes nas diferentes Mostras das Violencias Invisibles. Compartimos aquí esta obra colectiva. Queremos agradecer ás persoas participantes de Boiro, Noia, Rianxo, Teo, Padrón, Sada, Fene, As Pontes, Betanzos e Ordes que achegaron os obxectos pondo unha semente neste campo fértil da loita fronte as violencias machistas.

Consumindo violencias ma- chistas

Teo
Padrón

Decembro
2019



Título da obra

*«Por que o rosa
é máis caro que o azul?»
(E non é cousa de cores)*

Material

Maquinas de barbear

Descrición

A escolla deste produto débese á necesidade de exemplificar de xeito práctico en que consiste a denominada «taxa rosa». Hoxe, sexta feira 13 de decembro de 2019 nun establecemento padronés merquei o mesmo produto, un deles destinado ao público masculino que custou 2,39€, mais o seu equivalente feminino custou 3,29€.

Non son quen de atopar argumentos que xustifiquen esa diferenza de prezos entre dous paquetes de máquinas de barbear, e ti?



Título da obra

A pel e o seu olor non ten xénero.

Material

Embalaxe de metal con vaporizador, de forma cilíndrica e con deseño en cores branca, azul e vermella.

Descrición

As etiquetas home e muller organizan e estruturan a nosa realidade impondo unha norma ou clasificación moi ríxida que somete as persoas e limita as súas liberdades.

Rachar con esa clasificación implica gañar en riqueza e diversidade. Cómpre unha visión máis inclusiva.

As etiquetas son violencia, pois as persoas que non encaixan nesta clasificación son reprobadas socialmente, marxinaadas ou obviadas.



Título da obra

Marcada ao nacer

Material

Dor. Adultocentrismo.
Cultura machista e cor
rosa

Descrición

Desde o ventre materno as expectativas sobre a persoa que vai nacer veñen sendo moi diferentes dependendo do seu sexo. A dor é a forma escollida para marcar esta diferenza



Título da obra

Cabezas quentes

Material

Papel de periódico.
Anuncio de perruquería infantil

Descrición

Este folleto de anuncio lévanos á idea de que temos que estar guapas desde pequenas até a morte «Recordar ver a veciña con rulos ao saír a tirar o lixo».

Pornografía: educando en violencias machistas

Betanzos
Ordes

Novembro / Decembro
2019



Título da obra

Para que sirvo?

Materiais

Algodón. Deslizamento conceptual

Descrición

Este obxecto serve para unha cousa (a hixiene), pero o seu uso maioritario e a visión que se ten del é outra (a beleza).

Hai un paralelismo coa sexualidade, que ve cambiados os seus significantes coa axuda da pornografía para se converter noutra cousa, movida por intereses e motivacións que non son os orixinais nin redundan no benestar da persoa



Título da obra

A miña primeira menstruación

Materiais

Compresa que daquela non había ou eu non coñecía

Descrición

A compresa está feita de celulosa e plástico. Non deixa pasar nada para fora. Daquela, so había toallas e trapos, polo menos era o que eu poñía e estaba sempre mollada e rozada nas pernas. «Se había compresas eu non o sabía»



Título da obra

Centímetros de carne

Materiais

Cinta métrica. Ducas de comentarios do tipo: «Estás gorda!»

Descrición

Ao longo da vida non ser unha nena, rapaza e muller que cumprira cos cánones de beleza impostos pola sociedade (o famoso 90-60-90) condicionou a forma que tiña de ver o meu corpo e a forma de relacionarme cos demais, especialmente cos homes.

Darme conta de que isto que me pasaba a min non era un caso illado, senón a realidade de milleiros de mulleres, fíxome abrir os ollos de que existe unha ditadura, a ditadura dos centímetros. Así, as mulleres son vistas como obxectos, nunha cultura da cousificación cada vez máis crecente.



Título da obra

Muller... Obxecto

Materials

Cerámica (moi fráxil)

Descrición

Obxecto decorativo, neste caso un floreiro, simboliza que a muller é algo moi fráxil, que non ten maior utilidade, senón o seu uso específico. Simplemente debe ser bonito, atractivo, estimulante á vista de todos, en especial ao sexo masculino.

Visibilizando as devanceiras

Noia
Boiro

Novembro / Decembro
2019



Título da obra

Senlleiras

Materiais

Chapas

Descrición

Brígida, Marcela e Elisa, Victoria Kent e tantas outras. Retratos de mulleres referentes invisibilizadas ao longo da nosa historia.



Título da obra

Poder sobre rodas

Material

Brinquedos

Descrición

Coche de gran potencia e gran tamaño?

Para homes. Coche pequeno e utilitario?

Para mulleres. Querer impor a superioridade masculina.



Título da obra

Disidencias ao balón

Material

Perseverancia, dor, paixón
e balón de fútbol

Descrición

A malagueña «Nita Carmona», rodeada na foto cun círculo vermello, foi unha das primeiras futbolistas do Estado. Xogaba a principios do S.XX no Sporting vestida de home: na súa época estaba prohibido que as mulleres xogaran a fútbol e mesmo foi arrestada por isto. Tomou o alcume de «Veleta» para ocultar o seu xénero. Non sabemos se se sentía home ou muller. Mais sabemos que foi unha disidente e pioneira no mundo do deporte.



Título da obra

*Coidados, territorio
das mulleres*

Material

Herba máxica que cura a
dor de barriga

Descrición

O coidado de crianzas, persoas maiores ou doentes recaeu historicamente nas mulleres. Moitas delas deixaron a un lado as súas aspiracións, as súas profesións ou as súas propias vidas para coidar a outras. Mais sería posible a nosa existencia sen eses coidados? A nosa sociedade invisibiliza o valor deste saber e estes coñecementos, moitos deles transmitidos ao longo dos séculos.

As violencias machistas: unha lingua excluín-te

Pontes
Rianxo

Decembro
2019



Título da obra

*Caladiñas estades
máis guapas*

Material

Mazo

Descrición

O mazo representa o Estado. Na parte lisa, a través das diferentes leis aprobadas, quérenos facer ver a consecución da igualdade. A parte aguzada representa como a través da lingua, accións, etc, o Estado pretende subxugar as mulleres.



Título da obra

Viños extralaborais

Material

Botella de viño e copas

Descrición

Os viños semanais extralaborais que representan as reunións informais do traballo nas que ás mulleres non se nos permite estar por falta de corresponsabilidade no lar e por falta de horarios conciliadores. Nosoutras tamén queremos estar e ter voz nos acordos informais!!!



Titulo da obra


Machismos nos medios de comunicación

Material

Titulares de xornais reais e novas da TV

Descrición

No día a día invádenos os machismos aínda cando nos interesamos por saber o que pasa no mundo que «en teoría» loitamos por mudar. canto nos queda!



Título da obra

Boto en falta a túa voz, a túa lingua.

Material

Fíos de transmisión lingüística rasgados e violencias que se superpoñen

Descrición

O fío da nosa lingua interrompeuse entre nós. Era demasiado difícil para unha moza emigrar á vila e manter a súa lingua: as mulleres, máis que ninguén, temos que falar fino, falar ben.

A saúde: unha cuestión de xénero

Sada
Fene

Decembro
2019



Título da obra

TamBón NON é!

Materials

Raión e dioxín (químico para branquear), é dicir, disruptores endócrinos.

Descrición

Tradúcese en ciclos menstruais alterados, máis abundantes (ou menos), con dor e con outras graves consecuencias.



Título da obra

Máis probas, menos ansiolíticos

Materiais

Cartón, vidro e vitamina D

Descrición

Os ansiolíticos recéitanse máis frecuentemente a mulleres perante queixas de estrés e esgotamento ou dores musculares. Non se fan probas como controlar os niveis de vitamina D, a existencia de hipotiroidismo ou ferro que poden estar detrás deses síntomas en moitos casos.



Título da obra

*Téñannos en conta,
aínda que menstruemos*

Materiais

Plásticos, químicos,
algodón.

Descrición

A maioría dos fármacos próbanse só en homes porque o ciclo menstrual das mulleres pode alterar os resultados. Isto trae como consecuencia que hai pouca información sobre as doses adecuadas para mulleres e os efectos secundarios. Moitas mulleres están sobremedicadas.



Título da obra

Veleno en garrafa

Materiais

Tensoactivos e fosfatos
en plástico

Descrición

O noso rol tradicional é a de sermos as limpadoras. Os produtos de limpeza teñen demasiados tóxicos, provoca doenzas nas mulleres. Non o sabemos, non podemos prever. Quen o sabe, non lle importa.

As vozes das artistas

Nestes espazos participaron persoas moi diversas, todas elas movidas pola curiosidade e pola vontade de entender mellor como funciona o heteropatriarcado. O camiño dunha sociedade máis xusta e libre só pode ser transitado en común. Ademais dos seus obxectos e descrición, todas estas persoas deixáronnos bocados de realidade que recollemos en forma de relato colectivo.

Voces, impresións, experiencias, aquí está o machismo ollado de fronte, nú, sen miopías:

As violencias...

«Todas ás mulleres que lles preguntei din que se senten ignoradas cando se queixan».

«Estaba aí soa, no paridoiro, cando escoitei ao xinecólogo «isto non se fai», sentín terror, pánico... nunca o esquecerei».

«Dicíame miña avoa: Se tes a regra non te sentes no colo de ningún home».

«Pasei un verán agochada cada vez que tiña a regra, tiña medo e vergoña».

«O médico berrou para o resto das persoas presentes: Sempre ven co CONTO da fibromialxia, que quere estar enferma? Que vaia traballar!»

«Cando dixen, dóeme, non podoo! Díxome: tes que poder!»

«Deriváronme á psicóloga e díxome: Co que vostede viviu, normal que estea así, doulle a alta que aquí terapia non facemos».

«O máis significativo foi poder estar un tempo con outras mulleres, de idades e traxectorias diversas. NON temos espazos así na nosa sociedade».

«Lembro as clases de moda, nas que os homes eran moito máis aplaudidos cas mulleres por facer o mesmo. Isto anoxábame moito».

«Son a directiva dunha empresa. Cando vou a algún espazo de traballo co meu empregado fálanlle a el e non a min. Somos invisibles en todos os contextos de poder».

«Unha vez fun soa mercar un coche. Todos os que me ofrecían eran pequenos, disque utilitarios e fáciles de usar para min. Tratarían igual a un home que fora facer a mesma compra?».

«Somos invisibles até cando parimos. Nada está pensado desde nós nin para nós».

«Repaso os libros de texto das miñas crianzas e non vexo nomes de mulleres. Que historia nos contar?».

As lentes...

«Descubrín que son miope, que non vexo toda a violencia que me rodea e que preciso unhas lentes».

«Decateime de que meus pais falaban galego entre eles mais eu tiña que falar castelán. Non insistían tanto no caso do meu irmán, el era mais libre. Ao día seguinte do obradoiro, na sobremesa, conversei co meu pai sobre os machismos nas nosas vidas».

«Despois do escoitado aquí estou en estado de shock, non sabía até que punto o machismo nos afecta».

«Oxalá máis persoas puidesen escoitar isto».

«Ao saír deste obradoiro comecei a falar do feminismo. A xente do meu entorno miroume mal e díxome: 'xa estás ti tamén con esas leas'. Gustaríame que viñeran aquí e escoitaran. Isto é bo para todo o mundo».

«Eu cando saía de aquí o primeiro que vou facer é tomar un café soa na barra dun bar. Todas as persoas podemos facer moito por romper os estereotipos de xénero».

«Ao saír de aquí fun correndo contar o aprendido, comezaron a dicir que eran parvadas que xa estaba o feminismo a meterse en terreos que non lle corresponden»

«Ao día seguinte do obradoiro quixen compartir todo o aprendido, sorprendeume a reacción de enfado dos meus compañeiros»

«Sinto que isto foi un antes e un despois na miña vida»

«Cando saia de aquí o primeiro que vou facer é ler un libro escrito por unha muller. Cada paso pequeno é un avance grande».



**O relato é anónimo,
a experiencia é colectiva,
os sonhos son necesarios.**

Noia, Rianxo, Padrón, Sada, Fene,
As Pontes, Betanzos, Ordes, Boiro, Teo

Novembro e decembro de 2019